

Os grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, PSdG-PSOE e Partido Popular, presentan a seguinte

#### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE NAS VIVENDAS DA PATIÑA, EN CAMBRE.

Na actualidade, froito da especulación urbanística das últimas décadas, moitos veciños e veciñas de Cambre temen por este dereito constitucional e están sufrindo as consecuencias destas malas prácticas permitidas durante anos por todos os gobernos de distintas administracións, tanto local, como autonómico, como estatal.

En Cambre estase a producir unha situación intolerable nas urbanizacións da Patiña e A Barcala, onde familias que accederon a alugueres en vivendas de protección oficial vense agora obrigados a saír delas pola venda destes inmobles a entidades financeiras. Estas queren sacar rendibilidade dos seus inmobles sen pensar no terrible dano que poden causar ás familias, moitas delas ou a grande maioría, con poucos recursos económicos, e mesmo en situación de emerxencia social.

Na Patiña, a entidade bancaria propietaria do inmovible, que durante anos estivo en réxime de Protección Oficial, decidiu a súa venda a un “fondo voitre” sen pensar nos seus inquilinos e non renovando os seus alugueres deixando a estes nunha situación de clara indefensión.

O argumento do Instituto Galego de Vivenda é que este inmovible xa excede o número de anos que establece a Lei para manter o réxime de Protección Oficial e por tanto poderá vender ou incrementará os alugueres como lles praza sen que ningún organismo oficial lle poña obxección algunha.

O Concello de Cambre mantivo conversas coa empresa inmobiliaria que xestiona actualmente o cobro destes alugueres e non só non achegaron a información requirida senón que se limitaron a confirmar que non renovarían os alugueres aos inquilinos a pesar de saber a situación económica na que se atopan moitas destas familias cambresas.

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña respalda publicamente aos veciños afectados pola política especulativa que está a levar a cabo a entidade titular destes edificios, que abusa do seu dereito de propiedade impondo as súas condicións unicamente pensando no lucro, e poñendo en risco un dereito fundamental como o da vivenda, que debe ser protexido.

Por todo iso estimamos que é necesaria e obrigada esta moción, que debe servir para que todas as Administracións, na medida das súas competencias, promovan actuacións urxentes orientadas a preservar, e polo tanto garantir, o dereito fundamental a unha vivenda digna. Entendemos que é condición necesaria a existencia dunhas Administracións Públicas ao servizo das persoas, e non ao servizo da especulación inmobiliaria e os que a promoven.

Ante esta situación o Pleno da Deputación Provincial da Coruña acorda:

PRIMEIRO- Instar ao Estado Central e a Xunta, administracións con competencias suficientes en Vivenda, manter unha reunión de urxencia para evitar esta situación que pode acabar con decenas de familias na rúa.

SEGUNDO.- Solicitar que a Xunta de Galicia poña a disposición das familias necesitadas as vivendas baleiras a través de alugueres sociais.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia e Estado que poña en marcha un mecanismo urxente de recolocación no caso que fose necesario para todas aquelas familias en risco de exclusión social que sufran a perda da súa vivenda.

O Voceiro do Grupo Provincial  
PARTIDO POPULAR

O Voceiro do Grupo Provincial  
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-  
PSOE

Asdo.: Agustín Hernández Fdez. de  
Rojas

Asdo.: Bernardo Fernández Piñeiro

O Voceiro do Grupo Provincial  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O Voceiro do Grupo Provincial MAREA  
ATLÁNTICA

Asdo.: Xosé Regueira Varela

Asdo.: Daniel Díaz Grandío

O Voceiro do Grupo Provincial  
COMPOSTELA ABERTA

O Voceiro do Grupo Provincial  
ALTERNATIVA DOS VECIÑOS

Asdo.: Manuel Dios Diz

Asdo.: Angel García Seoane

